

DIVULGACIÓN



Pola esquerda, Casto Rivadulla, Xurxo Mariño e César Goldi nun anterior café-teatro realizado na FNAC da Coruña

Casto Rivadulla e Xurxo Mariño, da Universidade da Coruña, son os encargados da nova edición desta actividade que se encadra no programa Diverciencia

OS CAFÉS-TEATRO DOS CIENTÍFICOS VOLVEN DA MAN DO GRUPO NEUROCOM

ISS. SANTIAGO

Este outono volve ser o escenario de dúas interesantes propostas de divulgación científica que percorreren distintos lugares de Galicia e que terán como característica común a unión de ciencia e de teatro. Por unha banda os xa coñecidos *cafés-teatro científicos* comezan de novo o seu particular percorrido polos bares e tabernas de Galicia.

Esta actividade é unha mestura de charla, teatro, discusións, monólogos, etcétera, que se desenvolve no ambiente distendido dun bar, co obxectivo de achegar a ciencia a todo o mundo, dun xeito atractivo e divertido, mais sen perder o rigor.

Os *cafés-teatro científicos* desenvolveranse nun circuito de catro localidades galegas: Lalín (na Cantina Galopín), Chantada (no Café Capitol), Arcade (na cafetería-cervearía A Cháchara) e Vilagarcía de Arousa (no Café La Marina). Cada unha das localidades recibirá por tres veces a visita de científicos e actores, para tratar temas como *A neurociencia e as matemáticas*, *Evolución e ecoloxía*, ou *Física, astronomía e cosmoloxía*.

O calendario completo e os distintos carteis poden consultarse na páxina web www.udc.es/dep/

medicina/neurocom/cafes_gal.html, posto que a actividade está organizada polo grupo Neurocom da Universidade da Coruña (UDC), á cal pertencen dous dos científicos participantes, Casto Rivadulla e Xurxo Mariño.

Participarán tamén científicos das outras universidades galegas, como Elena Vázquez, matemática, e Eduardo Sánchez, físico, os dous da Universidade de Santiago; ou Alberto Velando, biólogo da Universidade de Vigo; así como doutras institucións, como Luis Sampedro,

NESTE SINGULAR 'EXPERIMENTO' VAN PARTICIPAR TAMÉN INVESTIGADORES COMO MARÍA ELENA VÁZQUEZ, EDUARDO SÁNCHEZ, ALBERTO VELANDO OU LUIS SAMPEDRO, XUNTO A UN PAR DE ACTORES, CÉSAR GOLDI E MAIS VICENTE DE SOUZA

científico do Centro de Investigacións Ambientais de Lourizán. Como nos anos anteriores, os actores participantes, xa expertos en actividades de divulgación científica, serán César Goldi e Vicente de Souza. Esta actividade está financiada pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, dentro do seu programa Diverciencia.

Por outra banda, o actor Vicente de Souza e o científico e divulgador Xurxo Mariño acaban de pór en marcha un novo concepto de divulgación, o *Discurshow*, un espectáculo froito de combinar unha charla divulgativa cunha actuación teatral. O resultado é unha mestura de imaxes, sons, relatos, vídeos, actuacións de maxia e teatro, etcétera, todo co obxectivo de transmitir unha aventura científica a todos os públicos, neste caso a aventura científica de Charles Darwin.

O título do primeiro *discurshow* é *Matarratos Darwin*, e nel cóntanse de xeito ameno e divertido, pero sen perder o rigor científico, as anécdotas que viviu o mozo Darwin na súa viaxe arredor do mundo a bordo do barco Beagle. A próxima representación do *discurshow Matarratos Darwin* será no museo Domus da Coruña, o vindeiro venres 2 de outubro ás 19.30. ●